

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA A FONSGRADA

CURSO: 6º

MATERIA: LINGUA CASTELÁ

DEPARTAMENTO:

DATA: MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.
B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes.	LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións redundantes, relacionándoa co contido do texto que acompaña.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. 	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade. ▪ 	LGB3.4.2. Escribe textos sinxelos de carácter creativo.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. 	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza,

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. 	<p>LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado. 	<p>LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<p>LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: A través do seguimento do traballo diariamente. Nas mensaxes da plataforma EDIXGAL a profesora estará en contacto co alumnado, solicitando periodicamente información sobre o traballo encomendado. A ausencia da información solicitada restará cualificación.</p> <p>Valorarase o traballo proposto en EDIXGAL , a partir de contidos estudados nas avaliacións anteriores.</p> <p>Valorarase a entrega das tarefas nos periodos sinalados oportunamente.</p> <p>Valorarase a calidade das tarefas, fixándose na comprensión da actividade así como a realización escrita da mesma.</p> <p>Valorarase a implicación no seu traballo e o seu propio progreso.</p> <p>O alumnado que non acadou unha cualificación positiva nas avaliacións anteriores deberá implicarse na realización das tarefas encomendadas e mostrar unha actitude positiva e responsable.</p>
	<p>Instrumentos: Tarefas en EDIXGAL, caderno de clase, traballos realizados, fichas.</p>
Cualificación final	<p>O alumnado poderá subir nota da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Entrega das tarefas segundo o indicado. - Calidade das tarefas encomendadas (comprensión e expresión). - Seguimento continuo da clase. - Interese e actitude positiva. - Valoración 40% + 40% + 20% das cualificacións das avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Repaso, reforzo e ampliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Realizaranse actividades para reforzar o estudado nas avaliacións anteriores e ampliaranse, na medida do posible, novos contidos. Diariamente farase un seguimento das actividades informando das cuestións solicitadas e aclarando as dúbidas que puideran xurdir.
Materiais e recursos	Ordenador, caderno, fichas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Emprego das canles habilitadas para a comunicación: <ul style="list-style-type: none">- Teléfono- Correo electrónico- Mensaxes a través da plataforma EDIXGAL.- Videoconferencia.- Abalarmóbil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.